



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Practicum		Código	652608806
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónLetras			
Coordinación	Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es	
Profesorado	Cano López, Pablo Carballal Miñan, Patricia Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Ferreira Boo, María del Carmen Ferreiro Fernandez, Manuel Martinez Lopez, Maria Josefa Mascato Rey, Rosario Muriano Rodríguez, María Montserrat Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es patricia.carballal@udc.es carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es m.fboo@udc.es manuel.ferreiro@udc.es maria.josefa.martinez@udc.es rosario.mascato@udc.es montserrat.muriano@udc.es xulio.pardodeneyra@udc.es iria.sobrino@udc.es	
Web				



Descripción xeral	<p>Para o alumnado deste Máster, as prácticas constitúen unha experiencia formativa de preparación para a futura vida profesional: éntrese en contacto co oficio sen a responsabilidade e as urxencias que comporta dirixir un grupo de alumnos/as. Grazas ás prácticas, os/as estudiantes poderán coñecer de primeira man as tarefas que levan a cabo nun centro educativo de Ensino Secundario, e terán, así mesmo, a posibilidade de establecer relacóns frutíferas con profesores/as de Ensino Secundario e do ámbito universitario (destes/as últimos/as, parte son tamén docentes noutros niveis educativos).</p> <p>As prácticas están deseñadas para ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de observar e analizar os contextos en que vai desenvolver o seu labor, de tal modo que poida alcanzar un coñecemento vivencial do traballo docente. Espérase que os/as estudiantes tomen as prácticas como a oportunidade que son, e non só como unha parte máis destes estudos de posgrao. Esa oportunidade bríndana os centros e o profesorado de Ensino Secundario, e así deben recoñecelo a Universidade e o alumnado en prácticas. Agora ben, o recoñecemento é compatible cunha actitude de observación reflexiva e vixiante, propia do momento formativo en que nos atopamos. Non se debe aspirar á mera reproducción dos modelos de acción observados; pola contra, esas e outras posibles alternativas de actuación profesional han de ser obxecto de análise e reflexión.</p> <p>A práctica que se desenvolve nos centros educativos só se pode comprender se se entende como se foi constituíndo o proceso de escolarización e como os axentes internos e externos actúan sobre el. Para isto é necesario construír un coñecemento sistematizado e profundo sobre a praxe docente, isto é, saber que se fai, por que se fai, para que se fai, que se podería facer e que é o que non se debe facer. Este coñecemento virá complementar, sen dúbida, os obtidos nas fases anteriores do Máster (módulos xenérico e específico), e a miúdo achegará un contrapunto Enriquecedor.</p> <p>As prácticas serán tamén unha experiencia formativa para o profesorado tutor dos centros de ensino (cuxa colaboración nunca se agradecerá bastante), debido a que lle dan a ocasión de reflexionar críticamente sobre o seu traballo e os seus hábitos na día a día da aula, así como unha oportunidade para entrar en contacto ?aínda que sexa brevemente? coa reflexión didáctica que se fai fóra dos centros de Ensino Secundario.</p> <p>Non menos Enriquecedora será a experiencia para o profesorado da Facultade (parte do cal, como xa se apuntou, exerce tamén a docencia en niveis preuniversitarios). Grazas ás prácticas, os/as titulares/as da UDC terán a oportunidade de observar o contraste as mensaxes e estratexias de traballo de corte teórico e a práctica vivida nos centros.</p>
-------------------	---



Plan de continxencia	<p>METODOLOXÍAS</p> <p>Nunha situación extraordinaria, as metodoloxías modificaríanse tendo en conta o número de horas presenciais que alumnado cumprise antes da creba da normalidade. Se houbese algún caso que non se axustase a ningún dos escenarios previstos, a Comisión Académica do mestrado estudaríao separadamente.</p> <p>Escenario n.º 1: cumprimento da totalidade das horas presenciais previstas.</p> <p>Todas as prescripcións recollidas na guía docente ?tanto ás referidas á planificación como as tocantes á avaliación? manterían a súa vixencia. Con todo, cabería a posibilidade de que se modificasen os prazos de entrega, corrección e revisión das memorias, se as circunstancias o aconsellasesen. Calquera modificación deste tipo anunciaríase con antelación suficiente.</p> <p>Escenario n.º 2: cumprimento da metade das horas presenciais previstas.</p> <p>Neste caso, a perda de horas de estadía no centro de prácticas veríase compensada por medio da realización de traballos tutelados que se integrarían na memoria, sempre con vistas a completar os seus distintos apartados. A dirección e supervisión destas tarefas ?que se realizaría por vía telemática? ficaría nas mans dos/as titores/as da UDC.</p> <p>Saídas de campo Competencias: A33 A34 A35 Horas presenciais: 42 Horas non presenciais / traballo autónomo: 108 Horas totais: 150</p> <p>Traballos tutelados Competencias: A32 A33 A34 A35 Horas presenciais: 0 Horas non presenciais / traballo autónomo: 141 Horas totais: 141</p> <p>Escenario n.º 3: cumprimento de menos da metade das horas presenciais previstas.</p> <p>Do mesmo xeito que no escenario n.º 2, o alumnado tería que compensar, por medio de traballos tutelados integrados na memoria, a mingua do número de horas de presenza no centro. Agora ben, como o acortamento da estadía sería maior do que no escenario precedente, sería necesaria, ademais, a resolución dun suposto práctico ?deseñado polo coordinador/a do itinerario? que tamén se integraría na memoria de prácticas (para máis información, véxase a «Guía das prácticas docentes»).</p> <p>Saídas de campo Competencias: A33 A34 A35 Horas presenciais: 25 Horas non presenciais / traballo autónomo: 125 Horas totais: 150</p> <p>Traballos tutelados Competencias: A32 A33 A34 A35 Horas presenciais: 0 Horas non presenciais / traballo autónomo: 141 Horas totais: 141</p>
----------------------	--



Escenario n.º 4: non se produciu a incorporación do/a estudiante ao centro de prácticas.

Optaríase por unha formación telepresencial, sempre que os centros de prácticas o permitisen; de non ser posible, proporíase unha formación alternativa de carácter práctico. En calquera caso, o traballo tutelado sería avaliado en exclusiva polo titor da UDC, como en circunstancias normais.

MECANISMOS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA AO ALUMNADO

O/a titor/a da UDC debe ofrecer ao alumnado a posibilidade dun contacto regular ?indispensable para unha titorización efectiva? por medio do correo electrónico institucional e/ou das plataformas de teleformación que ofrece a Universidade (Moodle, Microsoft Teams).

MODIFICACIÓNS NA AVALIACIÓN

Non se modificaría o peso que na cualificación final teñen as dúas metodoloxías propias da materia: a saída de campo (é dicir, a estadía no centro de prácticas) e o traballo tutelado (é dicir, a memoria de prácticas, con ou sen adicións, segundo o escenario en que se achen os/as alumnos/as).

OBSERVACIÓNES SOBRE A AVALIACIÓN:

- A cualificación final será a media das outorgadas polo/a titor/a de centro (que valora o desempeño do/a estudiante durante a estadía) e polo/a titor/a da UDC (que corrixe e puntúa a memoria das prácticas).
- Para superar as prácticas cómpre conseguir o aprobado nas dúas partes da materia; no caso de que unha delas non se supere, a nota final do/a estudiante será precisamente a desa parte.
- A memoria das prácticas é recuperable. Se un alumno non supera a materia na primeira oportunidade por causa da memoria, poderá mellorala e entregala na segunda.
- As prácticas propriamente ditas (isto é, os labores realizados polo/a alumno/a no seu centro de destino) non son recuperables: a cualificación obtida na primeira oportunidade mantense na segunda.
- Antes de publicar as cualificacións finais, os/as titores/as da UDC deben ofrecer ao alumnado a posibilidade de revisar a memoria e, de ser o caso, reconsiderar a súa cualificación. Se as circunstancias o fixesen necesario, a revisión tería lugar a través de canles telemáticas. Canto ás cualificacións outorgadas polos/as titores/as de centro: o alumnado pode pedir que se lle dean a coñecer as puntuacións concedidas nas diferentes casas da «grella» de avaliación na data de revisión para a súa cualificación na materia.
- A memoria de prácticas ?con ou sen adicións, cf. supra? deberá subirse á aplicación Prácticum (<http://www.educacion.udc.es/app-secundaria/>) dentro do prazo establecido no calendario oficial (consultable na «Guía das prácticas docentes»). Se os/as titores/as da UDC requirisen a entrega dunha copia adicional da memoria por outra canle, esta debería ser de carácter telemático.
- Se a UDC contemplase esta posibilidade, poderíase elevar á Xunta de Facultade, previa aprobación da Comisión Académica do Mestrado, unha proposta de modificación das datas de realización do Prácticum.
- As cualificación das prácticas poderán ser:
 - Non presentado
 - Suspenso (de 1 a 4,9 puntos)
 - Aprobado (de 5 a 6,9 puntos)
 - Notable (de 7 a 8,9 puntos)
 - Sobresaliente (de 9 a 10 puntos).



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A32	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A33	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A34	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A35	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das respectivas ensinanzas, atendendo ao nivel de formación dos estudiantes.		AP34	
2. Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e adquirir estratexias para estimular o esforzo do alumnado e promover a súa capacidade por si mesmo e con outros, e desenvolver habilidades de pensamento e decisións que promovan a súa capacidade docente.		AP34	
3. Dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula, e tratar problemas de disciplina e resolución de conflitos.		AP32	
4. Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos.		AP33	
5. Coñecer as dinámicas organizativas e de funcionamento dun centro de secundaria ou formación profesional, así como levar a cabo unha primeira aproximación tutelada ao funcionamento dunha aula de ensino secundario e familiarizarse coa cultura organizativa dun centro escolar.		AP34	
6. Vivenciar, contrastar e valorar, nun escenario real, as contribucións dos diferentes módulos teóricos, e tomar conciencia das funcións da profesión docente e dos coñecementos, actitudes e destrezas que se requieren para o seu exercicio.		AP32	
7. Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos e actuar sostiblemente a favor do medio ambiente		AP32	

Contidos	
Temas	Subtemas
Coñecemento do Centro Educativo, alumnado, contexto sociocultural, cultura pedagógica, organizativa e de xestión (níveis e cursos, Departamentos, Comisións, Grupos, Equipo directivo, Consello Escolar, Claustro) e relacións coas familias e a contorna.	.
A planificación Educativa no Centro.	Os documentos de planificación: Proxecto Educativo (Proxecto Curricular e plan Lingüístico) Proxecto de Xestión, Plan Xeneral Anual, Programacións didácticas, Plan de Acción Titorial , etc.
Coñecemento e valoración dos programas educativos existentes no Centro.	Plan de Convivencia, Plan Tic, Plan Lector e outros programas de apoio aos centros.
Coñecemento e valoración dos recursos didácticos dispoñibles no Centro e no Departamento.	.



Deseño e programación de unidades didácticas e procesos de intervención en diferentes materias e niveis educativos, no marco do Departamento Didáctico da especialidade.	.
Modelos e estilos de ensino más axeitados ás materias da especialización.	.
Análise dos procesos de comunicación na aula e de actuación docente.	<ul style="list-style-type: none"> - Medios para a súa valoración e mellora. - O asesoramento e a colaboración profesional.
Procesos de innovación e mellora no ensino das materias da Área.	.
A intervención e a atención á diversidade na aula. O exercicio da titoría.	.
Modelos e prácticas de avaliação no Centro e no Departamento.	.
Deseño e valoración dos instrumentos de avaliação do alumnado e do ensino.	.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A32 A33 A34 A35	38	103	141
Saídas de campo	A33 A34 A35	42	108	150
Atención personalizada		9	0	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Realización da memoria. Elaboración dun informe por escrito para ser valorado polo titor da Universidade. A extensión é de 40 páxinas máximo e 25 páxinas mínimo en DIN A4, en arial 11 a dobre espazo, e sen considerar os posibles anexos (agás no itinerario de artes). É obrigado entregar unha copia en soporte informático mediante a aplicación de Prácticum e, ademais, o profesorado titor de facultade podería tamén requerir outro exemplar adicional no soporte que considere.
Saídas de campo	Achegar ao alumnado á realidade do ensino para ir configurando unha visión propia, fundamentada e vivida do centro e da aula. Observación e intervencións puntuais co apoio e supervisión do titor do centro. Deseño de polo menos unha proposta didáctica da etapa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Os titores/as deberán dar a coñecer os días, as horas e as formas de contacto, tanto para o alumnado como para o profesorado titor dos centros. O profesorado titor, tanto da Universidade como dos centros, pode dirixirse á coordinación do practicum nos momentos e formas de contacto que lles serán comunicados.
Saídas de campo	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Traballos tutelados	A32 A33 A34 A35	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do traballo cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descripción de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocriticá - Orixinalidade da proposta	50
Saídas de campo	A33 A34 A35	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	50

Observacións avaliación

A cualificación das prácticas poderá ser non presentado, suspenso (1 a 4.9), aprobado (5 a 6.9), notable (7 a 8.9) e sobresaliente (9 a 10). A cualificación final será o resultado da media entre a cualificación outorgada polo/a titor/a do centro e polo/a titor/a da Universidade. Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións. No caso de non aprobar algúns das partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada. Na segunda oportunidade de avaliación:
- A memoria pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere esta parte na primeira oportunidade terá a ocasión de mellorala para a segunda.
- As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na primeira oportunidade, mantense para a segunda. A revisión, que se fará diante do profesorado titor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. Canto ás cualificacións outorgadas polos/as titores/as de centro: o alumnado pode pedir que se lle dean a coñecer as puntuacións concedidas nas diferentes casas da «grella» de avaliación por parte do seu profesorado titor de facultade, na data de revisión para a súa cualificación na materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	AGUADO ODINA, T. (coord.) (2010). Diversidad e igualdad en educación. Madrid, UNED.CARBONELL SEBARROJA, J. (2008). Una educación para mañana. Barcelona, Octaedro.CARBONELL SEBARROJA, J. (2009). La vida escolar en un curso: cosas que no siempre se explican. Barcelona, Graó.CASADO ROMERO, A. (2010). Aprender a ser maestro: creencias de los estudiantes de Magisterio sobre la interacción en el aula. Cuenca, Universidad de Castela-A Mancha.CAMPS, V. (2008). Creer en la educación. La asignatura pendiente. Barcelona, Península.CASTELLS CUIXART, P. (2011). Tenemos que educar: ideas para acabar con la crisis de autoridad y la mala educación. Barcelona, Península.DOMENECH, J. e GUERRERO, J. (2005). Miradas a la educación que queremos. Barcelona, Graó.ESCUDERO PÉREZ, J. e MARTÍNEZ TEN, L. (coords.) (2011). Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y ciudadanía. Madrid, Los Libros de la Catarata.ESTEVE, O.; MELLEF, K. e ANSINA, A. (coords.) (2010). Creando mi profesión. Una propuesta para el desarrollo profesional del profesorado. Barcelona, Octaedro.GARCÍA ARETIO, L. (2009). Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedad actual. Madrid, UNED.GIMENO SACRISTÁN, J. (comp.) (2006). La reforma necesaria. Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid, Morata.MAÑU NOAIN, J. (2010). Docentes competentes. Por una educación de calidad. Madrid, Narcea.ORTEGA, R. (coord.) (2010). Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar. Madrid, Alianza.PÉREZ SERRANO, G. (2010). Aprender a convivir: el conflicto como oportunidad de crecimiento. Madrid, Narcea.RODICIO-GARCÍA, M. L. e IGLESIAS-CORTIZAS, M. J. (2011). El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid, Biblioteca Nueva.RODRÍGUEZ JARES, X. (2006). Aprender a convivir. Vigo, Xerais.SANCHO GARGALLO, M. et al. (2007). Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica. Madrid, Fundación Europea Sociedade e Educación.SEGOVIA GARCÍA, N. (2006). Aplicación de las TIC a la docencia. Usos prácticos de las nuevas tecnologías. Vigo, Ideas Propias.SUBIRATS, M. e TOMÉ, A. (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona, Octaedro.
---------------------	--



Bibliografía complementaria	CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2009). Narraciones de la escuela. Barcelona, Editorial Davinci.CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2010). Narraciones de maestros. Barcelona, Editorial Davinci.DÍEZ NAVARRO, C. (2003). El piso de abajo de la escuela. Barcelona, Graó.McCOURT, F. (2005). El profesor. Madrid, Maeva.PENNAC, C. (2008). Mal de escuela. Barcelona, Mondadori.SOBRADO, L.; FERNÁNDEZ, E. y RODICIO, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva.TONUCCI, F. (1988). Niño se nace. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (1989). Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (1993). La soledad de los niños. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (1994). Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, F. (2003). Cuando los niños dicen ¡Basta!. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A entrega dos traballos realizarase telematicamente, na plataforma correspondente. Se non é posible, non deben emplegarse plásticos e cómpre elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais. Na materia incorporarase a perspectiva de xénero e traballarase para fomentar e, no seu caso, modificar prexuizos e actitudes sexistas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías